

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	14
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

1. Obxectivos da ESO e a súa adecuación ao contexto.

O IES Camilo José Cela asume os obxectivos da ESO, que figuran no artigo 7 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e realiza as adecuacións que figuran en cursiva:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver habilidades de comunicación asertiva e de resolución pacífica de conflitos a través de instrumentos como a mediación entre iguais.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Fomentar o traballo colaborativo e a cooperación entre o alumnado a través de instrumentos como a colaboración social con distinta organización e institucións do contorno.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

Potenciar a igualdade e a non discriminación en todas as actividades, colectivos e espazos do centro coa implantación de medidas activas e coa participación en plataformas locais que defendan os valores relacionados coa igualdade e contra a violencia machista.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Desenvolver proxectos formativos no ámbito da educación afectivo-emocional, coa colaboración de axentes externos ao centro.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

Progresar no ensino dixital a través da potenciación do uso de ferramentas informáticas por parte do alumnado, da formación continua do profesorado, da actualización dos equipamentos e da incorporación da dixitalización á práctica cotiá da aula.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Deseñar iniciativas que difundan o interese pola ciencia a través da participación en proxectos e da experimentación do alumnado, aproveitando os recursos do centro.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Fomentar o espírito crítico e a implicación nos procesos sociais da comunidade mediante o coñecemento e a identificación da información veraz e contrastada.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Promover unha práctica lingüística esmerada nas dúas linguas oficiais, descartando prexuízos e estereotipos e asumindo a necesidade da recuperación de usos para a lingua minorizada ata a súa completa normalización.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Recoñecer a necesidade de dominar varias linguas na sociedade actual e asumir o tratamento integrado das linguas no currículo.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

Valorar a cultura propia, en especial as achegas das mulleres en todos os eidos do coñecemento e das artes, con especial atención ás mulleres galegas tradicionalmente esquecidas.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Potenciar o autocoidado, a educación afectivo-sexual e a autoxestión emocional, ademais de establecer unha

actitude responsable e informada sobre o concepto integral da saúde física e mental. Contribuír ao coñecemento e ao coidado do contorno máis próximo a través da concienciación sobre o problema ambiental.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Educar a sensibilidade como elemento de apreciación da arte e facer visible o traballo do alumnado máis implicado na creación artística, conectando con axentes culturais locais.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Implicar o alumnado na conservación do seu patrimonio cultural máis inmediato, comezando pola súa contorna, valorando a riqueza patrimonial da súa bisbarra.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión da riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Tomar conciencia da necesidade de transmisión da lingua galega como parte do noso patrimonio cultural. Desenvolver o uso oral da lingua en todos os contextos, partindo das variantes xeográficas propias e poñéndoas en valor.

2. Obxectivos de Bacharelato e a súa adecuación ao contexto.

O IES Camilo José Cela asume os obxectivos de Bacharelato, que figuran no artigo 7 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e realiza as adecuacións que figuran en cursiva:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Promover a toma de conciencia perante as desigualdades sociais e a participación cidadá desde unha perspectiva responsable e crítica, colaborando con iniciativas sociais e solidarias.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

Afianzar unha cultura de paz e contribuír ao seu desenvolvemento a través de instrumentos como o diálogo, a mediación e o respecto entre iguais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racia ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Levar a cabo un labor de concienciación sobre a importancia do asociacionismo e da colaboración con organizacións de defensa dos dereitos das mulleres e das persoas menos favorecidas.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar a lectura como experiencia colectiva, fomentando as lecturas compartidas e a colaboración en clubs e xuntanzas de persoas lectoras a través de calquera formato.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

Potenciar o uso da lingua galega en todos os contextos, especialmente naqueles en que tradicionalmente estivo excluída, desenvolvendo un uso oral consciente e creativo, que parta das variantes propias para asumir a norma colectiva.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Valorar a competencia plurilingüe como contribución á tolerancia e á empatía entre as diversas nacionalidades, recoñecendo a necesidade dunha competencia deste tipo na sociedade actual.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

Desenvolver un uso responsable das tecnoloxías, con especial coidado na exposición da propia identidade nas redes e con conciencia da importancia da protección dos datos persoais.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora da comunidade e do contorno social, ecolóxico e cultural.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

Adquirir destrezas que permitan desenvolverse na vida académica e cotiá, a través da resolución de problemas de certo grao de complexidade. Desenvolver habilidades que permitan adaptarse á moderna sociedade da información e a comunicación.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

Contribuír á mellora do medio máis próximo, asumir a importancia dos avances científicos e coñecer figuras galegas relevantes neste ámbito, especialmente mulleres científicas.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Fomentar a implicación en iniciativas de cooperación con diversos colectivos sociais.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Valorar a creación artística e literaria como xeito de expresión das inquietudes humanas, potenciar a actividade artística e fomentar o descubrimento e cultivo das diferentes artes.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

Desenvolver hábitos saudables de exercicio físico, alimentación e coidado da persoa, aproveitando a posibilidade de colaborar en proxectos.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

Concienciar da necesidade de pór en práctica condutas cívicas de prudencia e responsabilidade colectiva, como parte dunha actitude asertiva e non violenta.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

Progresar no coidado do medio a través da cultura do aproveitamento, do consumo responsable, da reciclaxe e do uso consciente dos medios de transporte.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Desenvolver actitudes de respecto e concienciación sobre o patrimonio dun xeito amplo, mesmo desde coidado ambiental, o ecolingüismo, a defensa da natureza, a responsabilidade urbanística ou a conservación do patrimonio artístico e da arquitectura autóctona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son a base sobre a que se constrúe o ensino e as que establecen as condicións indispensables para lograr o desenvolvemento do alumnado no plano persoal, social e profesional. O ensino secundario debe estar centrado no ámbito competencial, de xeito que potenciará a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento de capacidades e destrezas e a interiorización de actitudes adecuadas ao contexto.

As competencias clave van orientadas, polo tanto, ao "saber facer". Son definidas nos propios Decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, como "desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico".

No artigo 8 de cada un dos decretos que establecen os currículos de ESO e Bacharelato no noso sistema educativo, aparecen recollidas as competencias clave de cada etapa. Ademais, o ANEXO I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece o perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico, que define as competencias que alumnos e alumnas deben adquirir ao rematar a ESO a través duns descritores operativos que se concretan para cada competencia. Asemade, o ANEXO I do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia tamén establece os descritores operativos das competencias clave no ensino para o bacharelato.

Todas as materias que se impartan no sistema de ensino deben ir orientadas a contribuír na súa medida ao logro das competencias clave e ao desempeño dos descritores operativos mencionados na normativa citada. As competencias clave deben estar estreitamente vinculadas, ademais, aos obxectivos da educación secundaria e do bacharelato. As competencias clave son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- b) Competencia plurilingüe (CP)
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM)
- d) Competencia dixital (CD)
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- f) Competencia cidadá (CC)
- g) Competencia emprendedora (CE)
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os principios pedagóxicos establecidos no artigo 17 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 18 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia serán os guíen as propostas metodolóxicas no IES Camilo José Cela. Dentro destas propostas pedagóxicas partirase da necesaria atención á diversidade do alumnado para favorecer a inclusión e prestarase un enfoque integrador que promova a autoaprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave.

Para a concreción dos principios pedagóxicos aproveitaranse recursos como os seguintes:

-Establecemento de accións como a Hora de ler para fomentar as habilidades de comprensión de lectura, expresión oral e escrita e uso da información.

-Impartición do currículo integrado das linguas, de acordo co Proxecto lingüístico do centro.

-Potenciación do ensino dixital, de acordo co Plan Dixital do centro.

O artigo 121.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece que o proxecto educativo de centro “incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos”.

Na redacción deste mesmo artigo xa se mencionan os contidos transversais e se citan algúns dos principais. Os elementos transversais do currículo son tratados no artigo 18 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 19 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes elementos transversais son contidos de carácter cívico e de

desenvolvemento integral da persoa, que forman parte do currículo e que deben ser tratados en todas as materias.

Enumeramos, a seguir, os elementos transversais aos que se alude na normativa citada e que serán tratados en todas as materias que se impartan no IES Camilo José Cela:

-Comprensión de lectura.

-Expresión oral e escrita.

-Comunicación audiovisual.

-Competencia dixital.

-Emprendemento social e empresarial.

-Fomento do espírito crítico e científico.

-Educación emocional e en valores.

-Igualdade de xénero.

-Creatividade.

Do mesmo xeito, fomentaranse de maneira transversal os seguintes elementos: educación para a saúde e afectivo-sexual, formación estética, concienciación e formación sobre o cambio climático, educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, respecto mutuo e cooperación entre iguais.

Os anteriores epígrafes funcionarán como categorías amplas nas que se traballarán aspectos fundamentais para a formación integral do alumnado; desde valores irrenunciáveis como a liberdade, a xustiza, a igualdade, a non violencia, a non discriminación, o pluralismo político, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Todos estes valores estarán presentes en todos os cursos e servirán de base para a organización de tarefas, deseño de secuencias de aprendizaxe, planificación de actividades complementarias e extraescolares, organización de dinámicas de titorización...

Algúns dos aspectos incluídos nos elementos transversais anteriormente citados, serán eixos básicos nos principios e no ideario do centro, sinais de identidade e valores recollidos nos diferentes documentos:

- A coeducación en igualdade de homes e mulleres. Abordarase en todos os ámbitos e darase unha especial visibilidade ao compromiso do centro neste aspecto, como se especifica no Plan de Igualdade do IES Camilo José Cela.
 - O desenvolvemento de hábitos de vida saudables, o coidado do propio corpo a través da actividade física e o deporte, a nutrición responsable e prevención de enfermidades, de acordo coas iniciativas do Plan para a promoción de estilos de vida saudable.
 - A inclusión social a todos os niveis, desenvolvendo a sensibilidade cara ás persoas desfavorecidas socialmente.
 - A asertividade, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos, con especial relevancia da cultura da mediación que será un alicerce das relacións humanas entre a colectividade escolar.
 - O rexeitamento da violencia, da xenofobia, do racismo, da aporofobia, a condena da violencia de xénero e o terrorismo e a defensa dos dereitos do colectivo LGBT estarán presentes, conforme ao establecido en documentos como o Plan de Convivencia.
 - O respecto ao medio ambiente e en xeral, a cultura do coidado e o respecto ao contorno e ás persoas, desenvolvendo o cultivo das emoción e da empatía.
 - O fomento dos hábitos de lectura, eixo dos Plans de biblioteca e Plan de lectura do centro.
- Para o tratamento dos elementos transversais, ademais da súa implementación nas actividades propias de cada materia e departamento, botarase man de recursos como os seguintes:
- A participación en programas ofertados pola administración, en convocatorias como Plan Proxecta ou Contratos Programa.
 - Colaboración con entidades e organizacións sociais do contorno.
 - Commemoración de datas e eventos significativos.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece que o proxecto educativo “impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa”.

O enfoque competencial implica combinar distintos tipos de habilidades, coñecementos, valores, actitudes, emocións... para conseguir unha aprendizaxe eficaz e significativa que potencie as capacidades de cada individuo. As competencias supoñen un “coñecemento na práctica”, adquirido grazas ao desenvolvemento de tarefas centradas no “saber facer” e na visión interdisciplinar do ensino.

Desenvolveranse estratexias de traballo colaborativo, que debe comezar polos membros dos propios departamentos didácticos e estenderse ao resto de compañeiros e compañeiras. Partindo do profesorado, o alumnado asumirá mellor as estratexias de colaboración, para as que se ofrecerá a posibilidade de realizar tarefas conxuntas e interdisciplinares, nas que se desenvolvan diversas competencias e se poidan integrar con facilidade elementos transversais do currículo.

Como se recolle no preámbulo do Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria e do bacharelato en Galicia, “a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral”. Esta metodoloxía irá encamiñada á adquisición das competencias clave e terá presente que é necesaria “unha visión interdisciplinaria” e deberá favorecer o deseño de situacións de aprendizaxe que potencien a aprendizaxe por competencias. Potenciarase a autonomía do alumnado e favorecerase a súa capacidade de aprender por si mesmo.

O IES Camilo José Cela parte destas orientacións, facendo fincapé nas seguintes metodoloxías didácticas:

- Promoverase unha metodoloxía que respecte os diferentes ritmos de aprendizaxe e potencie a atención á diversidade do alumnado.
- Tendo en conta esa diversidade, incentivarase a motivación do alumnado relacionando as materias cos seus centros de interese para fomentar a aprendizaxe.
- As metodoloxías serán activas, relacionadas co contexto e integradas en situacións reais, poñendo en relación as diversas materias e fomentando a interdisciplinidade.
- Desenvolverase un ensino que deseñe estratexias de interactividade entre os distintos axentes, comezando polo propio grupo-clase, promovendo a participación en proxectos.
- O alumnado será o protagonista do proceso, asumindo a implicación nunha aprendizaxe por descubrimento que o capacite para situacións e problemas reais.
- Seleccionaranse materiais atractivos para o alumnado e que teñan un carácter variado, introducindo as tecnoloxías da información na práctica da aula.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

En canto aos materiais e recursos didácticos, no IES Camilo José Cela elixíranse co obxectivo principal de que axuden a fomentar un ensino centrado na inclusión e na adquisición das competencias clave e de que contribúan á creación de experiencias educativas que conecten os intereses estritamente curriculares co desenvolvemento de contextos e situacións significativas para a vida cotiá do alumnado.

A organización da docencia no IES Camilo José Cela estrutúrase segundo o concepto da aula-materia. Isto implica que o alumnado se despraza ás distintas aulas do centro para recibir docencia das diferentes materias que integran o currículo. Esta organización determina as posibilidades didácticas das escollos de materiais variados e pensamos que favorece o dinamismo e a flexibilidade na utilización do material.

En primeiro lugar, o IES Camilo José Cela mantén o emprego de materiais máis tradicionais, como o libro de texto. Moitas materias contan con libro de texto obrigatorio ou recomendado, sobre todo materias comúns e troncais. Para as materias optativas promóvese que non haxa libro de texto e se aborde o currículo dun xeito máis flexible.

Serán os departamentos didácticos os encargados de seleccionar os materiais e recursos didácticos. En calquera caso, procurarase que a selección e emprego destes materiais vaia máis alá do horizonte curricular de cada departamento e integre unha visión interdisciplinar, imprescindible para un ensino moderno que procure experiencias de ensino integral para o alumnado.

O centro fomentará o emprego das novas tecnoloxías e de ferramentas imprescindibles tanto para o ensino presencial como para o ensino telemático: a plataforma da aula virtual estará presente como unha ferramenta máis na actividade didáctica de todo o profesorado e potenciarase como núcleo que integre recursos dixitais o máis diversos posible.

Outro criterio do centro respecto aos materiais é o de recomendar a variedade e interactividade. Deste xeito recoméndase o uso de materiais dixitais, da prensa dixital ou en papel, das posibilidades dos tres laboratorios que posúe o centro ou, mesmo, nos recursos que ofrece o rico contorno en que se integra o centro. Dentro destes últimos destacamos a paraxe natural da ribeira do río Sar, a propio espazo exterior do recinto, as instalacións municipais próximas e toda a riqueza do patrimonio vilago que nos rodea.

En xeral, o centro promove un concepto aberto do material escolar, integrando como recurso educativo o aproveitamento da contorna e facilitando a aprendizaxe formal e non formal a través do que nos ofrece a vila e a sociedade padronesa.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O IES Camilo José Cela oferta ensinanzas de ESO e de BAC en horario diúrno. As ensinanzas ofertadas son as recollidas na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

ESO.
A oferta de materias establécese en base ao disposto nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos catro cursos de ESO ofrécese Inglés como Primeira Lingua estranxeira. Ademais, ofrécese en toda a etapa a opción entre a materia de Proxecto Competencial a de Relixión (1 hora semanal).

En 1º de ESO, as dúas horas de Libre disposición do centro dedicaranse a Reforzo de Inglés e a Reforzo da expresión escrita. Ofrécese Francés como Segunda Lingua estranxeira, dando opción ao alumnado que precise reforzo educativo a quedar exento desta materia (nos termos que establece o artigo 6 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa) e asistir a Reforzo de Lingua Galega e Literatura ou a Reforzo de Matemáticas.

En 2º de ESO, as dúas horas de Libre disposición do centro dedicaranse a Reforzo de Música e a Reforzo da expresión escrita. Ofrécese Francés como Segunda Lingua estranxeira, dando opción ao alumnado que precise reforzo educativo a quedar exento desta materia (nos termos que establece a Orde de 26 de maio de 2023) e asistir a Reforzo de Lingua Castelá e Literatura ou a Reforzo de Matemáticas.

En 3º de ESO, ofértase como Primeira Lingua Estranxeira Inglés e a optatividade organizarase ofrecendo as materias de Oratoria, Cultura Clásica, Cultura Financeira, Educación Dixital e Segunda Lingua Estranxeira Francés, todas de 3 horas semanais.

En 4º de ESO, ofértase como Primeira Lingua Estranxeira Inglés e establécense dúas vías que se organizan en tres itinerarios:

-Itinerario 1: É ao que se accede pola primeira vía, cursando as materias comúns e escollendo Matemáticas B.

Integraría como materias de opción Bioloxía, Física e Química e Tecnoloxía.

-Itinerario 2: Accédese pola segunda vía, escollendo Matemáticas A ou B dentro das materias comúns. Integraría como materias de opción Latín, Economía e Emprendemento e Formación e Orientación Persoal e Profesional.

-Itinerario 3: Accédese pola segunda vía, escollendo Matemáticas A ou B dentro das materias comúns. Integraría como materias de opción Música, Expresión Artística e Dixitalización.

Entre as materias optativas, o alumnado escollerá entre Filosofía, Segunda Lingua Estranxeira Francés, Intelixencia Artificial para a sociedade, Oratoria e Cultura Clásica (estas dúas últimas só se non foron escollidas en 3º ESO). Tamén se pode elixir como optativa unha materia de opción non elixida.

BACHARELATO.

O IES Camilo José Cela oferta as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Bacharelato Xeral. Nos dous cursos de BAC ofrécese Inglés como 1ª lingua estranxeira. Ademais, ofértase a libre escolla entre Relixión e Afondamento de Inglés (1 hora semanal).

En 1º de BAC, recóllese a oferta de materias de modalidade, de modalidade de opción e optativas como vén recollida no artigo 10 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Non se establecen itinerarios específicos. Ofértase como optativa unha materia da modalidade de Artes, na vía Música e Artes Escénicas: Linguaxe e Práctica Musical, do Departamento de Música (4 horas semanais).

En 2º de BAC, recóllese a oferta de materias de modalidade, de modalidade de opción e optativas como vén recollida no artigo 11 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Non se establecen itinerarios específicos. Ofértase como optativa unha materia da modalidade de Artes, na vía Música e Artes Escénicas: Historia da Música e da Danza, do Departamento de Música (4 horas semanais).

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son concibidas desde o IES Camilo José Cela desde unha posición central e cun carácter substantivo no seu proxecto educativo e curricular.

Pensamos que a acción educativa “complementaria” debe aproveitar o enfoque máis informal que complementa o currículo para abordar cuestións centrais e irrenunciáveis que non deben quedar fóra do itinerario formativo do alumnado. Cuestións como a educación afectivo-sexual, a aceptación da diversidade, a sensibilización sobre o coidado e a saúde, a educación ambiental ou a educación inclusiva nunca son meramente complementarias.

Tendo en conta estas premisas, o deseño das actividades complementarias no IES Camilo José Cela organizarase segundo os seguintes criterios:

-A planificación terá un carácter colexiado, partirá das propostas achegadas á CCP polos distintos departamentos a través das súas programacións didácticas.

-As propostas terán en conta a multidisciplinabilidade e a transversalidade para o deseño das actividades.

-Os departamentos terán en conta a coherencia cos obxectivos da área ou materia e nivel e a relación coas competencias clave, para determinar o deseño das súas actividades.

-As actividades programaranse, preferentemente, para un mesmo nivel educativo.

-As actividades serán accesibles e inclusivas para todo o alumnado. Na súa programación terase moi en conta que o seu posible custo económico sexa asumible para as familias do centro.

-A planificación das actividades terá en conta o calendario escolar de xeito que interfiran o menos posible na actividade académica ordinaria, sobre todo nas épocas de avaliación. Por norma xeral, evitarase a programación de actividades complementarias no terceiro trimestre para 2º de Bacharelato.

-Considerarase o número de alumnos e alumnas que participan, de xeito que sexa un número significativo para o aproveitamento da actividade. Porén, tamén se terá en conta a posibilidade dun número reducido de alumnado para certas actividades que o requiren, de cara ao seu correcto aproveitamento.

-Daráselle preferencia a actividades ofertadas por institucións do contexto máis próximo ao centro, a actividades gratuítas ou de custe económico moi reducido e a actividades que teñan valor formativo real vinculado á contorna máis próxima.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo o artigo 7 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, o alumnado de ESO que pase de curso con algunha materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo. Este Plan de Reforzo para alumnado que pase de curso con materias sen superar seguirá a estrutura que se establece no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os plans de reforzo realizaranse tamén para alumnado de Bacharelato que pase ao segundo curso con materias sen superar, conforme ao artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, por alumnado que deba cursar algunha materia de primeiro curso como pendente no segundo por escoller unha materia condicionada á superación doutra por implicar continuidade ou no caso de alumnado que cambia de modalidade de Bacharelato e debe escoller algunha materia non cursada.

Para a realización destes plans de reforzo seguirase o modelo recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, anexo XII.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Segundo o artigo 28.5 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, para o alumnado de ESO que deba permanecer excepcionalmente un ano máis no mesmo curso, deberá establecerse un Plan Específico Personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso. Neste documento planifícanse as accións orientadas á superación das dificultades detectadas e ao avance e afondamento das aprendizaxes xa adquiridas. Este plan seguirá a estrutura que se establece no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 e para a súa realización seguirase o modelo recollido no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, anexo XIII.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Criterios de avaliación, promoción e titulación en ESO.

Os aspectos relativos á avaliación, promoción e titulación en ESO regúlanse no Capítulo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Respecto á avaliación, no artigo 24.2 da orde citada anteriormente indícase que a avaliación na ESO debe ser “continua, formativa e integradora”. A avaliación continua implica o emprego de instrumentos de avaliación variados que permitan ao profesorado recoller información de xeito permanente sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.

No artigo 25 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa indícase que ao longo do curso e para cada grupo realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais, nas que se fará ademais o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, de ser o caso. A derradeira desas sesións parciais deberá coincidir coa avaliación final ordinaria. Na avaliación final consignarase as cualificacións das competencias clave.

-Respecto á promoción, no artigo 28 da mesma Orde do 26 de maio de 2023 establécese que o equipo docente decidirá na avaliación final sobre a promoción de cada alumno ou alumna.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, tendo en conta as posibles pendentes de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarase de xeito independente. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias e dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo de todo o ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente o considere, prolongando un ano máis o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

-Respecto á titulación, o artigo 29 da Orde do 26 de maio de 2023 establece que o equipo docente decidirá sobre ela de xeito colexiado, na sesión avaliación final de 4º curso, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa.

Obterá o título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas no perfil de saída.

c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos de etapa.

Cráterios de avaliación, promoción e titulación no Bacharelato.

Os aspectos relativos á avaliación, promoción e titulación en Bacharelato regúlanse no Capítulo IV do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Respecto á avaliación, no artigo 24.2 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa indícase que a avaliación no Bacharelato será “continua, formativa e diferenciada segundo as distintas materias”.

Realizaranse, conforme ao que establece o artigo 27 da orde citada, cando menos tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes, de ser o caso. A derradeira destas sesións de avaliación deberá coincidir coa avaliación final ordinaria.

No artigo 28 da Orde do 26 de maio de 2023 establécese que o equipo realizará unha avaliación final extraordinaria, nas datas que se determinen para cada curso escolar, para o alumnado que logo da avaliación final ordinaria non supere algunha materia.

O período comprendido entre a realización da avaliación final ordinaria e as probas extraordinarias será dedicado, en 1º de Bacharelato, á preparación destas probas e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. En 2º de Bacharelato, durante este período, o centro organizará a impartición de clases co fin de preparar o alumnado para a realización das ABAU e para a realización das probas extraordinarias.

As decisións que o equipo docente adopte nas sesións de avaliación irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

-Respecto á promoción, acadará a promoción de primeiro a segundo curso o alumnado que supere as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo. Os alumnos e as alumnas de 1º de Bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes, deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. O alumnado poderá matricularse de materias de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

As alumnas e os alumnos que, ao termo do segundo curso de bacharelato, tivesen avaliación negativa nalgunhas

materias, poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

-Respecto á titulación, conforme ao indicado no artigo 31 da Orde do 26 de maio de 2023, obterase o título de bacharel cando se consiga a cualificación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

De xeito excepcional, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran, ademais, todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Conforme ao disposto no artigo 31.3 da Orde do 26 de maio de 2023, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

As matrículas de honra outórganse nos derradeiros cursos de cada etapa, en 4º de ESO e en 2º de Bacharelato, conforme ao disposto, respectivamente, no artigo 31 da Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e no artigo 34 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Segundo se recolle nas disposicións citadas, para outorgar as matrículas de honra deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) O alumnado que opte a esta mención deberá posuír unha media igual ou superior a 9 puntos no curso que realizou (4º ESO ou 2º BAC).
- b) Esta mención deberá concederse, como máximo, a un número de alumnas e alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no curso. En caso de que o total de alumnado do curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha matrícula de honra.
- c) A obtención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
- d) Os criterios para a concesión das matrículas de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Tendo en conta as disposicións mencionadas, no IES Camilo José Cela establécense os seguintes criterios para o caso de empates unha vez aplicadas as disposicións da normativa vixente:

Ao producirse empate en 4º de ESO:

1. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 3º de ESO.
2. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 2º de ESO.
3. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media en 1º de ESO.
4. De persistir o empate, sortearase unha letra ao azar nunha aplicación informática e levará a matrícula a persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima á sorteada en sentido ascendente no alfabeto. En caso de que o alumnado aspirante teña a mesma letra de apelido tomarase a segunda e sucesivas e en caso de que coincida o primeiro apelido, tomarase o segundo.

Ao producirse empate en 2º de BAC:

1. Outorgarase a matrícula a quen teña maior nota media global no Bacharelato.
2. De persistir o empate, sortearase unha letra ao azar nunha aplicación informática e levará a matrícula a persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra máis próxima á sorteada en sentido ascendente no alfabeto. En caso de que o alumnado aspirante teña a mesma letra de apelido tomarase a segunda e sucesivas e en caso de que coincida o primeiro apelido, tomarase o segundo.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas serán elaboradas polos medios que esixa a consellaría con competencias en educación, entre os que destaca a partir do curso 2022-2023 a aplicación informática PROENS.

O centro promoverá un deseño conciso e práctico das programacións didácticas, orientadas á creación dun documento operativo e axeitado ao desenvolvemento didáctico de cada materia. Deste xeito, establécense os seguintes principios:

- Axuda ao profesorado. Cada curso difundirase logo da primeira reunión da CCP un documento guía que recorde os principais puntos en relación á elaboración das programacións recollidos na resolución anual da consellaría.
- Claridade na redacción. Lembrarase ao profesorado a necesidade de fixar de xeito claro e comprensible todos os aspectos clave do documento.
- Concisión no documento. Fomentarase que as programacións resultantes sexan o máis breves e concisas posible.
- Entrega dun só documento. Entregarase un só documento por curso e docente para evitar duplicidades e confusións.
- Exposición na web do centro. As programacións estarán accesibles na web do centro, no apartado reservado a cada departamento.

Os departamentos elaborarán cada curso, logo da conformación de cada programación didáctica, un resumo ou extracto da programación, de acordo coas indicacións que se acheguen. Este documento sintetizará os aspectos fundamentais da programación de cada nivel e terá un carácter divulgativo, claro e accesible a todo o alumnado e os membros das familias. Para facilitar a súa consulta será exposto nas aulas en que reciba clase o alumnado do nivel e difundirase a través da páxina web do centro, no apartado reservado a cada departamento. Ademais, este documento poderá ser exposto tamén nas aulas virtuais que utilice cada materia.

A estrutura deste documento será a seguinte:

1. **OBXECTIVOS.** Referenciamos aos obxectivos globais da materia e ás competencias clave, concretando minimamente para o curso que nos ocupa.
2. **MATERIAIS DIDÁCTICOS.** Se usamos libro de texto, poderíamos indicar de que libro se trata e, aproximadamente, os contidos dos temas ou apartados que entrarían en cada avaliación. En caso de non usar libro de texto indicariamos os temas ou materiais que lles imos facilitar, incluíndo o uso que fagamos, por exemplo, da aula virtual. É dicir, trátase de resumir os contidos apoiándose e indicando o material que usamos realmente.
3. **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.** Se podemos resumir os criterios de avaliación xerais, poderíamos integralos, aínda que neste apartado o realmente práctico é que figuren os criterios de cualificación tal e como aparecen na programación.
4. **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.** aquí trataríase de especificar os exames ou probas que imos facer en cada trimestre e de que tipo serían (tipo test, exposición de temas, práctica...). Tamén especificariamos que traballos ou tarefas serían obrigatorios para a súa entrega, así como prácticas, boletíns de exercicios, exposicións... Por suposto, nas materias que esixan lecturas obrigatorias habería que concretar cales son e o tipo de proba mediante o que se avalían.
5. **SISTEMA DE RECUPERACIÓN.** Neste caso deberemos especificar de que xeito se estruturará a recuperación da materia. Aquí teríamos que incidir, especialmente no caso dos cursos de ESO, en que probas e traballos se requirirán para recuperar de cara ao final de curso, tendo en conta que neste nivel non hai avaliación extraordinaria.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O IES Camilo José Cela considera como parte imprescindible do seu proxecto educativo o fomento da participación en proxectos, plans e programas, especialmente os difundidos pola propia administración educativa. Estes proxectos, xunto coa programación de actividades complementarias e extraescolares, supoñen unha parte imprescindible para configurar o itinerario formativo do estudiantado, sobre todo no que respecta á necesaria combinación da educación formal coa educación non formal, ao desenvolvemento integral da persoa e ao fomento das vocacións axeitadas aos diferentes perfís competenciais do alumnado.

Os principais criterios que se seguirán para a participación do noso centro en proxectos, plans e programas serán os seguintes:

- Preferencia e prioridade ás convocatorias ofertadas pola consellaría con competencias en educación e polos demais organismos públicos.
- Potenciación de propostas inclusivas, de ensino colaborativo e cooperativo e das dinámicas de traballo en equipo.
- Fomento da interdisciplinariedade real, implicando as maiores áreas de coñecemento posible.
- Proxectos orientados ao desenvolvemento integral da persoa priorizando metodoloxías cooperativas.

- Complementariedade coa educación formal e o currículo escolar.
- Impulso da participación e a cooperación social, fomentando a solidariedade e o establecemento de redes de axuda e colaboración.
- Aproximación ao tecido socio-comunitario da contorna, procurando a colaboración con institucións e organizacións da zona.
- Integración da perspectiva de xénero e da abordaxe da acción social desde posturas non marcadas polos estereotipos patriarcais que invisibilicen a muller e a perspectiva feminina.
- Proxectos, plans e programas inclusivos que contribúan a compensar as desigualdades sociais, económicas e educativas.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión da Concreción Curricular será realizada a comezo de cada curso escolar pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Equipo Directivo. O procedemento partirá das propostas que realice a CCP ao Equipo e este materializará redactando un bosquejo que volverá á CCP para ser madurado e asumido.

A avaliación da Concreción realizarase a través dos seguintes órganos e por esta orde antes da súa proposta de modificación:

- Equipo directivo a través da memoria final do centro.
- CCP.

-Claustro de profesorado. Esta comisión, na súa memoria anual, incluírá un apartado de valoración do estado da igualdade dentro da convivencia no centro

-Consello Escolar.

Para realizar esta avaliación empregaranse distintas ferramentas: actas das reunións da CCP en que se debatesen aspectos que afecten á concreción curricular, actas das sesións de avaliación, enquisas ao alumnado e análise de datos proporcionados polos distintos documentos do centro, desde as actas e historiais académicos ata as solicitudes de reclamación ás distintas materias.

A modificación da Concreción Curricular partirá do bosquejo da CCP, logo da incorporación das súas propostas. Logo da avaliación do claustro e o consello escolar, o equipo directivo realizará as modificacións pertinentes para a súa definitiva presentación a aprobación nos órganos de goberno.

o) Outros apartados

1. Procedementos de acreditación de coñecementos previos nas materias de continuidade do bacharelato

O ANEXO III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, establece as materias de segundo curso de bacharelato cuxa superación está condicionada á superación das correspondentes de primeiro curso.

A acreditación dos coñecementos previos para cursar as materias do segundo curso, sen ter superado antes as do primeiro, levarase a cabo no IES Camilo José Cela coa realización dunha proba. Esta será realizada segundo os modelos que elabore cada departamento, antes do inicio do curso, nunha data fixada pola Xefa de Estudos.

De non se acreditaren os coñecementos, a materia cursarase como materia pendente.